

APORTACIÓNS

CAMILO GÓMEZ TORRES

a personalidade e obra de Manuel María eu destacaríaa hoxe a súa incesante loita pola restauración e o fortalecemento da cultura galega en todos os seus planos de expresión, loita que encontrou na poesía a canle adecuada para tomar forma e materializarse nun corpus poético, tan trascendente cualitativamente como monumental cuantitativamente. Desde sempre Manuel María foi consciente de que as culturas precisaban, ademais de praxe diaria, unha fixación escrita que garantise a súa perduración e permanencia no tempo; de aí, a súa constancia, a súa entrega, a súa xenerosidade creativa, testemuño innegábel da loita contra o silencio que impregna a súa vida e a súa obra literaria, xornalística, ensaística ou divulgativa.

Salientaría tamén a poucas veces ben ponderada aporta-

ción ética que o seu quefacer diario e a súa obra nos legan. Honestidade, firmeza e tolerancia adornan a súa plena e ricaz traxectoria vital, sempre desprendida, sempre atenta ás necesidades dos demais individuos e/ou colectivos. Nin buscou honras, nin fixo concesión ningunha ao acomodo, proveitoso ou rendíbel, ora literariamente, ora politicamente, ora laboral ou economicamente. E nunca se traizoou a si mesmo, nin ao seu país. A congruencia dos seus actos foi, é e seguirá a ser un paradigma para todos.

Por último, sinalaría a diversidade da súa creatividade literaria, con aportacións de excelencia nos planos poético, narrativo, dramático, ensaístico e xornalístico, amén dos seus nunca suficientemente louvados traballos de divulgacións cultural e activismo político nacionalista. Os coñecementos que herdou dos seus e os que foi atesourando da vida e da realidade galega devolvéunos traducidos en múltiples formas literarias, sabedor de que el era só usufrutuário, e non posuidor, dos dons e bens recibidos, dons e bens que nos transmitiu enriquecidos e ennobrecidos. O seu transcendental legado fíxonos, fainos e seguirá a facernos máis ricos, máis galegos, máis universais, máis cidadáns do mundo.